

1 Une os dous nomes que teñen os seguintes animais:

cordeiro	reirrei
xoaniña	año
vagalume	golfinho
tartaruga	lucecú
delfín	porco bravo
xabaril	sapoconcho

2 Completa coas palabras do recadro e forma palabras compostas:

.....sol      medio.....      limpa.....  
 porta.....      .....latas      .....mañá

abre	botas
avións	día
para	pasado

3 Completa as seguintes palabras coas sílabas **ga, go, gue, gui, güe** ou **güi**:

au.....      pin.....n      .....tarra      lin.....ta  
 pira.....sta      lon.....      espa.....tes      man.....ira

4 Subliña os numerais e escríbeos con letra na táboa:

Esa casa que hai no outeiro debe de ter 200 ou 300 anos. Disque alí habitan 6 bruxas que son irmás. Algunhas veces escóitase o son dunha harmónica, que toca a bruxa máis nova, de 125 anos. Cando os veciños oíron aquel son por 1.<sup>a</sup> vez, non puideron durmir; aguantaron ata a 5.<sup>a</sup> noite, e marcharon da vila horrorizados. Fixeron ben, porque as bruxas decidiran celebrar unha festa o 2.º sábado de cada mes, e o peor era cando a algunha delas lle daba por tocar a batería.

cardinais	ordinais